

15 de xaneiro de 2024

Ás familias do alumnado de 6º primaria no CEIP Salgado Torres.

Estimadas familias:

O equipo directivo do IES Plurilingüe Elviña quérese poñer a disposición das familias dos alumnos que rematan a Educación Primaria nos centros adscritos, e xa se están a plantexar o comezo da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

Desexamos que todas as familias opten por formalizar a **continuación dos estudos, na etapa de secundaria, no IES Plurilingüe Elviña**, no que toda a comunidade escolar está ansiosa por honrar a súa confianza co entusiasmo que cada día poñemos na nosa actividade docente, e ilusionada por coñecer ao alumnado que se incorpora ao centro en 1º ESO.

A vindeira semana acolleremos ás familias que queiran coñecernos mellor nunha sesión de portas abertas no propio IES; para explicar as características do centro con máis detalle e respostar ás dúbidas que poidan xurdir. O día e hora exacto publicitaráanse na páxina web, onde ten información xeral que pode atopar de interese. Invitámoslos encarecidamente a que fagan seguemento da nosa presenza dixital (web, youtube, instagram) desde este mesmo intre, para coñecer o centro en maior profundidade.

Calquera persoa que desexe información adicional **pode telefonar (881.96.10.61), deixar os seus datos de contacto, e recibirá en breve unha chamada dalgún directivo do centro ou do departamento de Orientación.**

Agradecemos ao CEIP Salgado Torres a súa colaboración constante con nós, singularmente ao facilitarnos o envío desta invitación; e nin que dicir ten polo esmero mostrado na educación dos seus alumnos en toda a etapa de primaria, que temos o desafío de igualar agora que nos toca continuar o seu traballo.

Desexando contalos pronto entre as familias da comunidade educativa do IES, reciban ata entón o noso máis respectuoso saúdo.

Na Coruña,

O equipo directivo do IES Plurilingüe Elviña

PROCEDIMENTO DE RESERVA DE PRAZA: INFORMACIÓN OPERATIVA

A información completa sobre o proceso en todas as súas fases, e as referencias legislativas que son de aplicación, figuran en portada na páxina web do IES.

 www.edu.xunta.gal/centros/ieselvina

- O **periodo de reserva** de praza abrangue este ano do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro, inclusive
- A reserva de praza entrégase na secretaría do CEIP (ou en sede electrónica, con ID dixital)
- O periodo de reserva de praza está limitado ao alumnado dos catro CEIP adscritos

- Se hai menos solicitantes de reserva que prazas, todos os solicitantes quedan admitidos. En caso contrario ninguén queda admitido, e todas as familias interesadas deben repetir o intento durante un lapso posterior (1 a 20 de marzo) chamado **periodo de admisión**. Hai que volver a entregar solicitude e documentación aínda que xa se fixera durante o periodo de reserva.
- A documentación durante o periodo de admisión entrégase na secretaría do IES
- Durante o periodo de admisión pode solicitar ser matriculada no centro calquera persoa, aínda que non proceda dun CEIP adscrito. As solicitudes quedan ordeadas segundo un ranking obxectivo de puntos, o “baremo”, por se as prazas non chegasen, con preferencia sempre para os solicitantes que xa o tentaron durante o periodo de reserva de praza.

CARACTERÍSTICAS DA OFERTA ACADÉMICA E OS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- Oferta de estudos de **ESO e Bacharelato**
- **Transporte escolar gratuito** a Feáns e Novo Mesoiro
- Centro plurilingüe en Inglés. Nalgún curso os alumnos cursarán integramente **en inglés polo menos as seguintes materias**: Bioloxía e Xeoloxía, Educación Física, Educación Plástica e Visual, Física e Química, Matemáticas, e Tecnoloxía e Dixitalización
- **Cafetería** dispoñible para o alumnado durante os periodos de lecer
- **Ensinanza práctica** con riqueza de saídas pedagóxicas, visitas educativas e de relatores de prestixio, e variadas actividades plurilingües e deportivas. Invitámoslos a explorar a información fotográfica e audiovisual na páxina web e nas redes sociais do IES Plurilingüe Elviña
- **Auxiliar de conversa** nativo
- Especialistas en **pedagogía terapéutica**
- Dotación de **recursos materiais** do centro:
 - Biblioteca
 - Encerado dixital interactivo nas aulas
 - Aulas de informática
 - Aula de Música
 - Aula de Debuxo
 - Taller de Tecnoloxía
 - Laboratorio de Física
 - Laboratorio de Química
 - Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía
 - Aula de mostras (Ciencias Naturais)
 - Polo Creativo
 - Aula multiusos
 - Xardín botánico no patio de lecer
 - Ximnasio
 - Pavillón polideportivo
 - Salón de actos
 - Dúas salas de reunión coas familias
 - Licitado patio de lecer cuberto

CREDENCIAIS DO IES PLURILINGÜE ELVIÑA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES PLURILINGÜE ELVIÑA




Bibliotecas escolares de Galicia



Alerta escolar



POLOS CREATIVOS



Club de Ciencia

